

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA***ANUNCIO de contratación (CON-5/2016).*

1. Entidade adxudicadora: Concello da Coruña. a) Dependencia: Servizo de Contratación. b) Número de expediente: CON-5/2016

2. Obxecto do contrato: outorgamento de concesións administrativas para a explotación de vinte e catro postos nos mercados municipais de abastos coruñeses, favorecendo a inserción laboral. Duración: quince anos prorrogables por dez máis.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto.

4. Canon anual: véxase prego de cláusulas administrativas.

5. Garantía provisional: non se exige.

6. Obtención de documentación: web municipal (perfil do contratante): www.coruna.es. Información: a) Teléfono: 981 18 42 19. b) Fax: 981 18 42 71. c) Enderezo: praza de María Pita, 1-2º.

7. Clasificación: non se exige.

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: trinta días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial* da provincia, e que remata ás 13.00 horas. No caso de resultar sábado o día de finalización do prazo, quedará automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte. b) Documentación que hai que presentar: véxase prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada.

9. Apertura de proposicións técnicas e económicas: a) Lugar: véxase punto 6. b) Data e hora: publicarase no taboleiro de anuncios de contratación e/ou perfil do contratante.

10. Outras informacións: véxanse pregos reguladores da contratación.



11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Coruña, 10 de maio de 2016

O alcalde
P.D. (Decreto do 15.6.2015)
M^a Eugenia Vieito Blanco
Concelleira responsable de Facenda e Administración

